

LUNS 1, MARTES 2 e Mércores 3 de Xuño de 2020!

4 ANOS

Luns 1 de Xuño

- FICHA 11: cuantificadores, CONJUNTOS IGUALES.

Imos comezar analizando a ficha, que ves? Como se chama o que se presenta? Que forma teñen? Si!!!! Son Illas! Superficies de terra rodeadas de mar polo que teñen unha característica especial...como se pode acceder a elas? Pensa un pouquiño porque en coche non é!

Agora que o sabes, comezamos a facer esta actividade e para iso, o primeiro que imos facer é CONTAR AS ILLAS! Escribe o número a un lado. Sabías que o conxunto de illas ten un nome? Chámase ARCHIPÉLAGO! Polo que o que aquí aparece é un ARCHIPÉLAGO! En Galicia temos algún, pregunta a quen che estea axudando a ver si sabe cales son!

Agora, tes que crear o teu propio conxunto, no RECADRO DE ABAIXO, debes PEGAR UN NÚMERO DE ILLAS IGUAL Ó ARCHIPÉLAGO que se presenta! Como é o teu conxunto, propoñemos que INVESTES UN NOME PARA EL E O ESCRIBAS!

Antes tiveches que descubrir como se podía acceder as illas, así que agora toca debuxar...por MAR ou por CEO, debuxa O MESMO NÚMERO do medio de transporte elixido que vos leve a estas preciosas illas a ti e a túa familia!

No REVERSO, terás que ESTAMPAR HUELLAS OU POÑER GOMETS OU SELOS, AS VECES QUE TÍ QUEIRAS PERO FACENDO QUE OS DOUS CONXUNTOS SEAN IGUAIS!

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Deixamos por aquí unhas fichas para que podades practicar a realización de conxuntos iguais, e animámosvos a que na casa, con diferentes obxectos, fagades grupiños de cousas atendendo a algunha característica que vos elixades!

● Rodea del mismo color las peceras que tienen el mismo número de peces.













Dibuja los elementos de los conjuntos con mayor y menor cantidad.



Une los botes con el mismo número de caramelos.



- **FICHA 12: operaciones SUMA.**

Imos relacionar a actividade anterior con esta...na anterior había un conxunto de illas...aquí hai conxunto de...? Moi ben! MONTAÑAS! E sabes como se chama un conxunto de montañas? CORDILLEIRA!

Desta vez imos SUMAR e para iso debes CONTAR O NÚMERO DE MONTAÑAS que hai en cada lado, así, conta as que hai en cada grupiño e ESCRIBE O NÚMERO NO RECADRO e a continuación SUMAA e ESCRIBE O NÚMERO RESULTANTE NO CADRADO.

Xa sabedes que SUMAR É AÑADIR, XUNTAR MÁIS! Ó longo deste días propuxémosvos moitas ideas para facer na casa con pinzas, paliños, etc. E xogar facendo sumas, restas...así que...A SEGUIR PRACTICANDO!

No REVERSO, deberás contar cantos picos ten a CORDILLEIRA DO HIMALAYA, e escribilos, debaixo PODES DEBUXAR UNHA CORDILLEIRA QUE TEÑA UN NÚMERO DE PICOS IGUAL!

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Deixamos uns enlaces de vídeos para que coñezan diferentes illas e montañas arredor do mundo:


<https://www.youtube.com/watch?v=PoAJuEtGWtE>

https://www.youtube.com/watch?v=7Th_pQu-ASg

<https://www.youtube.com/watch?v=a-TlpzvdYJU>

<https://www.youtube.com/watch?v=vo6gYERYv3k>

Para rematar esta ficha, imos xogar e pensar un pouco...QUE LEVARIAS A UNHA MONTAÑA DE EXCURSIÓN? E A UNHA ILLA? Propoñemos que collades dous folios nos que podedes debuxar unha mochila, e debuxedes SEIS COUSAS que levaríades a cada lugar pero pensade...débense levar as mesmas cousas? O tempo é igual? Poderíamos facer as mesmas actividades? Deixamos aquí un modelo de mochila para que podades encher!



Martes 2 de Xuño

- FICHA 13: los VOLCANES.

Antes de comezar esta actividade imos ver uns vídeos de que son os volcáns e como se forman!

<https://www.youtube.com/watch?v=nHKTauBNG2Y>

<https://www.youtube.com/watch?v=ApCEe-mXV2U>

Como podedes ver, os VOLCÁNS poden estar de dúas maneiras...durmidos ou espertos...ti que crees que é mellor para nos? Por que? Efectivamente é mellor que durman todo o que poidan xa que a lava que desprenden cando se espertan é moi perigosa tanto para as persoas como para os animais e hábitat que esta ó seu carón xa que a lava queima todo...polo que, ter un volcán cerca é moi perigoso! Na ficha atópanse tres volcáns en tres estados diferentes, RECORTAOS E PÉGAOS ONDE CORRESPONDE! A continuación escribe os números segundo a orde na que se dan os tres estados do volcán.

Sabías que en ESPAÑA TEMOS VOLCÁNS? E concretamente a zona volcánica por excelencia está nun archipiélago nas ILLAS CANARIAS!



Observa con mamá, papá ou quen che axude esta imaxe e que traten, polas cores do mapa, de ensinarche onde están os volcáns que se esconden neste lugar!



VOLCÁN DO TEIDE

VOLCÁN DE TENEGUÍA, LAS PALMAS



ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA



Imos experimentar un pouco...e imos facer o noso propio volcán...animádesvos? Aquí van unhas cantas ideas moi faciliñas!

VOLCÁN DE PASTA DE DENTES!

- MATERIAL:

- Botella de plástico.
- Agua tibia cunha culler de levadura.
- Auga osixenada
- Colorante alimentario.
- Deterxente

- PROCEDEMENTO:

- Metemos na botella media taza de auga osixenada o colorante e un chorriño de deterxente.

- Por outro lado, mezclamos a auga tibia coa levadura.

- Estadades preparados? Soamente con botar a auga coa levadura dentro da botella...TACHÁN! O NOSO VOLCÁN ENTRARÁ EN ERUPCIÓN! Mirade ben onde o facedes ou pringaredes todo o que haxa ó redor! ☺

VOLCÁN DE VINAGRE

Este é un pouco máis sofisticado porque imos a darlle forma de verdadeiro volcán!

- MATERIAL:

- Envase de Actimel ou similar.

- Plato de plástico.

- Cola.

- Papel de celofán e de periódico.

- Papel de cociña.

- Pinturas e pincel.

- PROCEDEMENTO:

- Comezamos pegando o bote no centro do plato, este será o CRATER.

- Cando esteña seco, imos rodeando con papel de periódico facendo a forma da montaña, agarrándo este con celo para que non se mova.

- A continuación, con cola e papel de cociña, pegámolo por riba creando unha capa lisa.

- Cando seque, pintámolo simulando un volcán, como nos queramos.

○ Xa temos o volcán!!! Pero como está? DURMIDO! Así que imos despertalo!



- PARA DESPERTALO NECESITAMOS:

- Bicarbonato.
- Vinagre.
- Colorante.

- PROCEDEMENTO:

- Poñer o bicarbonato na botella mezclado cun pouco de colorante.
- Verter o vinagre...esperar á erupción!

- **FICHA 14: números, EL 6.**

Despois de tanto experimento...imos descansar un pouco e imos relaxarnos facendo esta actividade que soamente é de COLOREAR! Agora xa sabedes polo menos contar ata seis, así que fixádevos na LENDA DE CORES

que aparece, e COLOREADE CADA NÚMERO DA COR INDICADA! OS ESPAZOS BRANCOS PODES PINTALOS COMO QUEIRAS!

Cal é o resultado final? Que paisaxe conseguiches? É a colina DAS SETE CORES, porque efectivamente, se analizas a fotografía poderás apreciar que tes ese número de cores nos diferentes elementos que a compoñen...FIXATE BEN E TRATA DE DESCUBRILOS!

No REVERSO, deberás seguir as series numéricas.

Mércores 3 de Xuño

- FICHA 15: más LLENO, más VACÍO QUE...

Volvemos a atoparnos cunha illa...que forma ten esta? É A illa corazón, en ECUADOR!



Na natureza moitas veces os elementos teñen formas de cousas que coñecemos ou formas moi particulares que nos fan recordar caras, obxectos, animais...nunha che pasou de encontrar unha pedra e recordar ou ver nela algún animal ou forma concreta? Gardas algunha que te chamara a atención? Se nunca o fixeches, propoño que no voso próximo paseo vos fixedes nalgún elemento natural e escollades algún que teña algo que vos chame a atención, a ver a que vos recorda!

Nesta ocasión á illa serviraos para volver a afianzar os conceptos de BALEIRO E CHEO! Para elo, teredes que facer MOIIIIITAS BOLIÑAS DE PAPEL! Xa que nun dos corazóns tedes que PEGAR MÁIS BOLIÑAS DAS QUE APARECEN NA ILLA DA FICHA, e no outro, MENOS! Tedes que ir fixándovos moi ben para cumprir coas instrucións indicadas xa que non vale que ningunha das tres quede igual!

A continuación imos reflexionar un pouquiño, as fotografías seguintes son da SELVA DO AMAZONAS:



Que ves nesta imaxe? Como está esta selva?

E na seguinte?



Ligando coa actividade que fixemos, unha está CHEA e outra BALEIRA, pero en realidade son a mesma selva...porque credes que ocorre isto? Intentade reflexionar coas vosas familias sobre elo, e facede unha lista coas accións que debemos de levar a cabo para coidar o noso planeta e non enfermar os bosques, selvas, plantacións, mares. etc...que nos permiten a nos, e a moitos seres vivos, vivir e subsistir.

E...ISTO É TODO POR ESTES DÍAS, PARECEVOS? CREMOS QUE
XA LEVADES SUFICIENTE TANTO PARA APRENDER COMA PARA
ARGALLAR, ASI QUE ESPERAMOS QUE PASEDES UN TEMPO MOI
DIVERTIDO NO QUE TAMÉN APRENDADES MOITO!
UNHA APERTA E UN BIQUIÑO GRANDE DE SILVIA E HENAR!